



Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo **EXPÓN:**

- Que o día 3 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou en sesión extraordinario e urxente o Proxecto de Orzamentos Xerais do Concello de Vigo para o ano 2021. Expte. 69/142.

-Que se deu traslado aos grupos municipais dunha copia do mencionado expediente acordándose abrir un prazo de emendas ata o día 11 de novembro de 2020

De conformidade cos artigos 81 e seguintes do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello formula as seguintes

## **EMENDAS**

### **ÚNICA.- Á TOTALIDADE DO PROXECTO.**

Preséntase un proxecto de orzamentos de 264 M de Euros fronte aos 267,7 M do orzamento inicial do ano 2020.

Esta minoración non é debida a unha diminución dos ingresos tributarios por unha rebaixa de impostos, que é o que sería oportuno e desexable nun contexto de crise como a do COVID rectificando a decisión adoptada de subilos de xeito substancial para este ano. Porén, se debe a unha baixada das transferencias do Capítulo VII de case 7,5 M de euros.

Este exercicio houbo unha importante subida dos tributos municipais, moi por riba do IPC, subida que o goberno pretende manter para o vindeiro ano.

A dita subida, agravada polo incremento das valoracións catastrais solicitada polo Alcalde e prevista na Orde HAC/1257/2019, de 17 de decembro, se demostrou totalmente innecesaria tendo en conta as circunstancias socioeconómicas e o nivel de execución orzamentario.

E sendo innecesaria para este ano, en maior medida o será para o seguinte tendo en conta as previsións económicas e de emprego xa anticipadas polo Banco de España e pola Comisión Europea.

Se cadra, unha caída do PIB para o ano 20 de máis do 11% e o incremento no paro rexistrado en Vigo neste mes de outubro en 1.698 persoas respecto do mesmo mes do ano pasado ou a caída do posicionamento de Vigo do posto 9 ao 11 na renda bruta media a nivel autonómico debera facer reflexionar ao goberno local sobre a necesidade de axeitar os ingresos tributarios á capacidade dos contribuíntes e facer un ha exposición realista das súas contas.

Esta diminución dos orzamentos municipais contrasta non só co mantemento dos ingresos vía tributos, se non tamén coa suspensión do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto para os anos 2020-2021, o que permitiría un orzamento moito máis expansivo e non un inferior ao orzamento inicial do 20, que é o que se nos presenta e que contrasta tanto co incremento do teito de gasto acordado tanto a nivel estatal como autonómico en cadansúas contas .

Axudaría nese sentido que o proxecto de orzamentos contemplase os obxectivos que se pretenden conseguir e se dotase de indicadores de

cumprimento dos programas orzamentarios. Nese sentido, deberían terminarse os traballos da Ordenanza Xeral de Subvencións e o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo, que foron obxecto de grupos de traballo no ano 2018 e que resultan esenciais para orientar as políticas municipais a obxectivos determinados e medibles e alineados cos orzamentos anuais.

Porque o certo é, velaquí unha razón que por si soa basta para devolver o proxecto ao goberno, que estes Orzamentos están realizados ao marxe da pandemia, sen que se teña en conta o seu impacto nas contas tanto en caída de ingresos – que se mantén practicamente igual que os orzamentos vixentes – como na necesidade de revisar totalmente as partidas de gastos para adaptalas ás necesidades que se derivan da crise económica e social.

A caída de ingresos pode compensarse cos fondos de Recuperación Económica que pertencen ao programa Next Generation da Unión Europea e dos que poderán ser beneficiarias as entidades locais. Non existe mención algunha a esa posibilidade no proxecto de orzamentos, o que debera ser obxecto de revisión para preparar proxectos de investimento.

Revisión de partidas de gastos que debe comezar polos que se adican a políticas sociais. Non se entende como a previsión de gasto no programa 2310 é menor o ano que ven que este ano: se consignan para o ano 2021 de 18,1 M de Euros, cando actualmente supera os 19 M logo das dúas últimas modificacións orzamentarias. Esta diminución do orzamento social é incomprensible, é inxusta e carece da máis mínima fundamentación: nada fai pensar que as necesidades ás que se teña que enfrontar o Concello nesa materia vaian a ser menores no ano 21 que no ano 20. Os recursos a adicar non poden ser inferiores a 29,5 M de Euros, como logo se dirá.

Tampouco se entende a falta absoluta do Concello de medidas fiscais e de promoción económica para os sectores máis afectados pola crise do COVID, como son comercio e hostalería. Ao primeiro, só lle adicará 75.000 euros dunha campaña de promoción económica e ao segundo a xa tradicional rebaixa ou condonación de taxas pola ocupación da vía pública, medida moi anterior á crise do COVID.

Para o comercio e á hostalería da cidade non hai medida algunha, nin sequera para a que depende directamente do Concello nos mercados municipais.

Como tampouco se entende que o moi escaso incremento en dotacións para desinfección de colexios, Instalacións deportivas, Museos, Vías Públicas, Parques infantís e subministracións de protección COVID 19, para os que só se consigna un incremento do gasto de 1.407.000,00 euros. Así figura expresamente na documentación que integra o expediente e que contrasta cos case 30 M de Euros que gasta o Concello en limpeza ordinaria: 22,5 M de euros para limpeza viaria, os case 3 M de euros para limpeza de colexios, os 2 M de edificios municipais, 0,5 de instalacións deportivas municipais, etc.

Con todo, nos cremos que os orzamentos deben ser devoltos á Xunta de Goberno Local e que se elabore un novo orzamento no que se teñan en conta as premisas que de seguido establecemos.

En primeiro lugar, o capítulo I que é evidente que non foi negociado coa representación dos traballadores, nin se adecúa non só coas peticións que de feito unánime lle fixo, se non co advertido nos informes municipais sobre o seu incremento CERO, o que incumpre tanto o incremento acordado a nivel estatal do 0,9% como os acordos plenarios sobre valoración de postos de traballo e adaptación de retribucións, nomeadamente na Policía Local á que

tamén se deberá dotar axeitadamente de chalecos e asignar partida para os estudos necesarios cara a dotarlles dunha nova xefatura

Tamén relacionado coa área de persoal, é preciso incrementar os gastos de protección COVID, nomeadamente nas áreas de Policía Local e bombeiros, ás que se adican apenas 35.000 e 15.000 euros respectivamente

Creemos tamén que o gasto social debe incrementarse a lo menos ata os 29,5 M de Euros para chegar a un gasto social de 100 euros por habitante, que é o recomendable para acadar un nivel de atención en políticas de benestar segundo os parámetros de cohesión social. Ese incremento debe acompañarse tamén dunha revisión das liñas de axuda tanto por beneficiarios como por conceptos e importes, abordando un verdadeiro Plan de Inclusión Social que contemple tamén medidas de mellora da empregabilidade dos beneficiarios que polo seu perfil poden ser suxeitos dun itinerario personalizado de acompañamento.

Debe incorporarse nos orzamentos medidas específicas de apoio ao comercio e hostalería en 10 M de Euros. Medidas de dinamización, de redución fiscal e de axuda directa mediante subvencións e demais accións de fomento. Procede aquí a reflexión sobre o programa 4310 de comercio, que ascende a 1.570.057 de Euros, cantidade exactamente igual á prevista no orzamento vixente. De ese importe é de destacar que se adican só 50.000 Euros á subvencións ao pequeno comercio, 75.000 a un programa de dinamización comercial e 1.445.00 euros á alumeado e decoración do nadal. A desproporción entre o que o concello adica ao nadal e ao pequeno comercio é tan clamorosa que ten que levar necesariamente a dúas conclusións:

- Elevar substancialmente as subvencións ao pequeno comercio e ao plan de dinamización comercial.
- Redefinir o programa de iluminación do nadal que en anos de pandemia é un gasto desorbitado e, neste ano, inútil ao estar prohibida a concentración social.

En canto ao capítulo de investimentos, non se explica a que programación ou xustificación obedece a selección de unhas obras en detrimento de outras se cadra igualmente necesarias. Ao noso entender esa programación debera partir dun equilibrio territorial dentro do termo municipal pensando tamén en evitar o colapso de determinadas zonas da cidade por acumulación e solapamento de obras. Colapso non só en termos de tráfico, senón tamén económicos xa que o acceso ao comercio e hostalaría foi imposible este ano, por exemplo, nos arredores do mercado do Progreso, o que causa un impacto directo nos establecementos que non se viu paliado por ningunha medida de apoio económico ou fiscal polo Concello.

Chamamos a atención sobre a obra de Avenida de Madrid, que recibe de novo este ano 1,4 M de Euros exactamente igual que neste exercicio no que non se gastou un euro. O Convenio vixente co Ministerio competente do que deriva á financiación está condicionado á dispoñibilidade orzamentaria e o borrador de PGE de 2021 non consigna cantidade algunha.

Creemos tamén indispensable que se aborden os seguintes proxectos de gasto:

- Modernización da ETAP de O Casal
- Humanización Rúa Tomás A.Alonso dende Praza Industria a Núñez de Balboa
- Humanización entorno Xeral: Vázquez Varela, P. Feijoo e Puerto Rico.
- Remodelación da Praza de España
- Plan de Investimentos no Barrio de Coia para humanizar viais e renovar as zonas interbloques.
- Humanizacións en rúas de Bouzas.
- Plan de Investimentos no barrio da Salgueira e Freixeiro para mellorar as redes públicas de saneamento, abastecemento, alumado, dotar de beirarrúas e humanizacións e mellora da seguridade vial.
- Mellora da seguridade vial e modernización as Rúas Núñez de Balboa, Camiño Barciela e Esturáns.
- Construción do acceso ao CEIP Párroco Don Camilo.
- Modernización dos ximnacios do pavillón do Carme e do Berbés.
- Incremento da dotación para mantemento e dos centros educativos de competencia municipal, nomeadamente colexios ás que só dedica 0,5 M de Euros.
- Remodelación do parque da finca de Matías.
- Paseo de Alfonso/Rúa de Elduayen. Facemos aquí unha motivación:

O proxecto actual de peonalización da Porta do Sol condena ao Paseo de Alfonso a non ser xamais peonal, como é a súa vocación e se prevé no PEPRI do Casco Vello. A Rúa Elduayen deixa de ser unha rúa para converterse na rampla de acceso e saída do túnel previsto, o que é absolutamente impropio para unha rúa no centro histórico. É preciso contemplar nos orzamentos consignación específica para abordar de inmediato a peonalización de Elduayen e do Paseo de Alfonso e evitar que

un novo retraso dun ano fagan imposible o proxecto. É preciso abordar ese proxecto agora que se tramita xa o Barrio do Cura e a actuación da Panificadora e consignar fondos en contía que permita realizar os estudos para atopar a mellor solución, redactar os proxectos e iniciar a obra neste mesmo ano.

Procede, e así o pedimos, a devolución do proxecto á Xunta de Goberno Local

Vigo, a 11 de novembro de 2020.

Alfonso Marnotes González

Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular